

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a Asociación pro persoas con discapacidade intelectual de Galicia (ASPRONAGA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar coa Asociación pro persoas con discapacidade intelectual de Galicia (ASPRONAGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2021-2022, isto é o día 31 de agosto de 2022, podendo ser prorrogado expresamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería e ASPRONAGA nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con discapacidade intelectual.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir “apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

Que a a Asociación pro personas con discapacidade intelectual de Galicia (ASPRONAGA) é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como finalidades:

- a) A calidade da educación para todo o seu ACNEE, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- b) A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, fomente a a inclusión e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais,



culturais, económicas e sociais para o alumnado con Discapacidade Intelectual e do desenvolvemento.

c) A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.

d) A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado.

e) A orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores e facilite o tránsito á vida adulta.

f) A autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares e adaptalas as diferentes necesidades individuais.

g) O deseño de itinerarios individualizados no traballo de **COMPETENCIAS e HABILIDADES ADAPTATIVAS**.

h) O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

i) O fomento da investigación, da experimentación e da innovación educativa no eido do ACNEE.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con Discapacidade Intelectual, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

José Luis Mira Lema



Xacobeo 21-22

